



NO FONDO DOS ESPELLOS

## 'O País das Bestas'

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Neste tempo de curros aparece moi oportuna a novela *O País das Bestas*, da que Eva Moreira (A Veiga, Terra Eo-Navia, 1981) é autora. Este belo e duro relato (Biblos, Mandao, 2009) merecerá, sen dúbida, a atención dos críticos literarios entre os cales eu non vou incluírme agora.

Traguemos Eva Moreira eiqui porque ela é quien por primeira vez sacou do mío Fondo dos Espellos o mundo dos cabalos do monte galego e o converteu en tema literario. Os cabalos ceibes estaban, desde hai milenios, á espera de entrar na literatura; xa están nela. Uns 25.000 cabalos andan pola inmensidá temera do monte galego. Con Eva Moreira ese universo cultural, coas tensións sociais e conflictos que produce, faise arte e resulta, por fin, evidente. En diversas aldeas de Galicia, moi especialmente nelgunhas dessas Terra de Turonio que media entre o Miño e a Ría de Vigo, existe unha ancestral inimizade entre os criadores de gado solto e os vecíos de tradición agrícola. As mortes de cabalo por vinganza grupal e familiar son ben coñecidas nos montes de Galicia. Este confrontamento atávico perdura en territorios industrializados e urbanizados nos nosos días igual que hai un mundo de anos. Eva Moreira sitúa o seu *País das Bestas* nos montes e aldeas próximas a Vigo. O lector evoca lugares e tipos humanos dos concellos de Gondomar, de Oia, ou mesmo do de Vigo, así como paisaxes da Serra do Galateiro e Aloia e dos montes da Groba. Na narración, os líderes dos grupos enfrentados son Lino, presidente do curro, e Maneiro, presidente dos montes comunais. O conflicto é presentado en días contemporáneos e vai evoluindo na novela ao mesmo tempo que se conta, no pasado, a estoria dun fuxido de 1936. Relato atroz que a voz narradora vai administrando aos poucos en terceira persoa e con cuase invisibles aproximacións aos interiores dos personaxes feitas en estilo indirecto libre.

A protagonista, Sofía, contrasta con personaxes e grupos sociais que encontra nunhas aldeas non lonxanas de Vigo e aos que lle vai descubrindo pouco a pouco segredos enquistados desde que había unha chea de tempo. Ela é unha moza de cidade que traballa nunha tese de doutoramento en Xeografía da que non se explica moito na novela xusto para saber que Sofía debe ir ao monte a facer medicións como Domingos Fontán fixera. Por tal motivo, esta moza vai vivir un tempo na freguesía de Pedrasantás. Con dificultade, ela farase cargo da situación de guerra na que se



Cabalo salvaxe cun cepo ilegal.

atopan os que na novela se chaman besteiros, de Ermos, e os vecíos de Pedrasantás, inimigos entre eles desde sempre. Sucédense as mortes de persoas e cabalos, os enigmas, e o suspense, como díen no cine, vai progredindo en forma de escada clímática. E non lle conto máis porque espero que lean a novela. Aínda así, direilles que o mellor d'*O País das Bestas* é a finura coa que se súxire o misterio e se amosa a outredad a diferenza abisal entre os componentes subxectivos da protagonista urbana e universitaria e os dos individuos cos que convive e que atraen ao seu universo "primitivo" coa forza dun remuñío. Violencia extrema, brutalidade sen límites. Tamién virtudes coma a de lealtade.

Na acción, os cabalos do monte son unha presenza romántica, nobre, máxica, que atravesa toda a obra coma un fio conductor: ao tempo, inquieta e reconforta. Son cabalos de comportamento fantástico. Pro entre eles e o lector establecese axiña un pacto da aceptación da irrealidade. En canto aos escenarios do mundo, eles si que son críbeis. O mundo que Eva Moreira nos dá, alén do habitat do cabalo, é onde o bouzán, o home da bouza, o dono e vixante de cabalos ceibes, se integra nun espazo que non é o da sociabilidade humana nin o da aldea. Para algunas persoas da novela e para o lector, construído pola protagonista e, esta, pola autora, o monte é o misterio, o medo, o escenario da violencia e do horror. Na novela revelase, en literatura, o monte tal como se vive no imaxinario aldeán dos nosos

días: o sitio hostil no cal só algúns homes (perigosos, pre-parroquiais) se adaptan e teñen allí unha función. O monte é dos irracionais: do lobo, das bestas. O monte pode incluso ser habitado excepcionalmente por un home bono como refuxio ou esconderizo. Pode ese fuxitivo gozar mesmo da amizade dos cabalos. Pro os homes do monte, anteriores á existencia da aldea, castigarán ese intruso con ferocidad extrema. Sofía, a doutoranda, íntima cun home do monte marcado cun estigma familiar e convertétesela ela mesma en vítima ao conhecer o segredo. Cofecemento que a expulsará do monte e que a expulsará da aldea ou das aldeas simultaneas e inimigas. Os cabalos, que estiveran ali desde sempre, quedarán ali por sempre.

## Caixa postal

En resposta a varias consultas referidas ao mundo dos curros e dos cabalos galegos, publicamos o seguinte:

### BREVISIMO GLOSARIO ETIMOLÓXICO DOS CURROS E CABALOS CEIBES DE GALICIA

**Acurar:** Reunir os animais ceibes e conducilos en arrabalo ou gresa ao curro.


**Aloitador:** Persoa que se introduce no curro de Sabucedo para montar e xogar con cabalos e bestas. Do latín *luctari* "loitarse".

**Arrabalo:** Conxunto de animais en liberdade máis ou menos vixilada e controlada polo home. Etimoxia incerta.

**Besta:** 1. Femia da especie *Equus cabalus*. 2. En plural, conxunto de machos e femias da dita especie en réxime de libertade. Do latín vulgar *besta*, "calquera animal". Este significado amplio viuse reducido en galego.

**Burra.** Sempre en feminino, cabalo ou besta, especialmente os que viven ceibes no monte. Do latín tardío *burricus*, regresado a *burrus* e *burra* "cabalo pequeno". O significado latino de baixa época conservase en galego.

**Ceibe (tamén CEIBO-A):** Libre, solteiro.



MÉNDEZ FERRÍN

Sen dúbida a referencia máis erudita da narrativa galega, o escribir e a sabedoría sobre episodios e personaxes que chaman o seu interese.

Aplicaseille aos animais soltos de forma especial. Do latín *caelēb̄s*, *ībis* "solteiro", tamén (Ernout-Meillet) aplicado a animais, plantas e cousas, coma no galego..

**Cordón.** Círculo de persoas que se estreita progresivamente para concentrar ás bestas e conducillas (ou acurrallas) ao curro. Derivado (se cadra galicismo) de corda. Do latín *chorda* "tripa, corda de instrumento musical"; á súa vez do grego *khordé*.

**Crina:** Pelo do pescoco do cabalo. Do latín *crinis* "cabelo, especialmente de muller". Logo dunha complexa evolución semántica, especializouse crina no seu uso actual exclusivamente cabalar.

**Curro.** 1. Círculo de madeira ou pedra onde se encerraron os cabalos, as eguas e os pollitos para seren marcados, separados e rapanos. 2. Por extensión todos os traballos e festa que se celebre en ocasión de reunir

así este gado. Seguramente a palabra terá que ver co latín *cōfōrūs*, *tīs* "cercado, curro". O noso poeta Curros Enríquez levaba esta palabra como apelido.

**Egua.** Femia da especie *Equus cabalus*, besta. Egua e besta conviven na lingua: a primeira con carácter deferente e, segunda, más familiar sen chegar a despectiva. Do latín *equa* co mesmo significado.

**Gaxada.** Aparello formado por un pau gallo e unha corda que se utiliza nos curros do Sul para lle montar o cabresto ou cabezón de corda ao cabalo grande e sacalo fóra do curro. Pronunciase con gheada e úsase nos curros dos termos municipais de Gondomar, Vigo e Oia. Palabra procedente dun hipotético \**caīata*, derivado de *caīa*, -ae "caxato, bastón para bater con el como arma". Hibridado con galla.

(Continuar...)